

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15002086	CEIP Plurilingüe de Ponte do Porto	Camariñas	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación física	3º Pri.	2	70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	52
4.2. Materiais e recursos didácticos	53
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	54
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	56
6. Medidas de atención á diversidade	58
7.1. Concreción dos elementos transversais	59
7.2. Actividades complementarias	60
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	61
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	62
9. Outros apartados	62

## 1. Introducción

O presente documento desenvolve unha programación didáctica para a área de Educación Física en 3º curso de Educación Primaria, realizada en base á Concreción Curricular do centro e tendo en conta o Decreto vixente actual no que se establece o currículo de Educación Primaria.

A área de Educación Física debe fundamentarse na adquisición das capacidades que contribúan ao desenvolvemento persoal e a unha mellor calidade de vida. Ten que dirixirse cara ao coñecemento progresivo da conducta motora e á adquisición de actitudes, valores e normas referentes ao corpo e ao movemento.

É un área que contribuirá ao logro de diversos fins educativos na Etapa de Educación Primaria: socialización, autonomía, aprendizaxes básicas e mellora das posibilidades expresivas, cognitivas, comunicativas e lúdicas.

Pero a Educación Física non é unha simple aprendizaxe de movementos, senón un camiño cara á educación total que utiliza dito movemento como axente pedagóxico con diversas funcións: de coñecemento, de organización perceptiva, anatómico-funcional, estético-comunicativa, de relación persoal coas demais persoas, agonística, hixiénica, hedonista, de compensación e catártica.

Esta área curricular está especialmente indicada para integrar todo tipo de alumnado e resulta idónea de cara á Atención á Diversidade. Debe incidirse na Coeducación e na Igualdade de oportunidades para ambos sexos.

Nesta proposta teranse en conta os diferentes ritmos de maduración, preténdese desenvolver as capacidades e habilidades instrumentais que melloran e aumentan as posibilidades de movemento dos alumnos/as, a través de patróns motores básicos que constitúan unha sólida base para o futuro.

Un dos obxectivos principais debe ser fomentar a adquisición dun estilo de vida activo e saudable que lle permita ao alumnado chegar a consolidar hábitos e, posteriormente, perpetualos ao longo da súa vida. Esos hábitos de vida saudable son a clave para evitar o sedentarismo e a obesidade contribuindo a ter calidade de vida. Temos que inculcar ao noso alumnado que a actividade física ten que estar no presente e no futuro do seu día a día.

Para abordar con posibilidades de éxito as numerosas situacións motrices ás que se verá exposto o alumnado ao longo da súa vida, será preciso desenvolver de maneira integral capacidades de carácter cognitivo e motor, pero tamén afectivo - motivacional, de relacións interpersoais e de inserción social. Deste xeito, o alumnado terá que aprender a xestionar as súas emocións e as súas habilidades sociais en contextos de práctica motriz.

O alumnado tamén deberá recoñecer diferentes manifestacións da cultura motriz, como parte relevante do patrimonio cultural, expresivo e artístico, que poden converterse en obxecto de gozo e aprendizaxe. Para iso, será preciso desenvolver a súa identidade persoal e social integrando nela as manifestacións máis comúns da cultura motriz, a través dunha práctica vivenciada e creativa.

O desenvolvemento de actitudes comprometidas co medio ambiente e a súa materialización en comportamentos baseados na conservación e na sustentabilidade asociaranse cunha competencia fundamental para a vida en sociedade que debe comezar a adoptarse nesta etapa.

\* CARACTERÍSTICAS PSICOEVOLUTIVAS ALUMNADO DE 2º CICLO (8 a 10 anos).

- Ámbito cognitivo: é o subperíodo das operacións lóxico-concretas, pode efectuar procesos de análise e síntese. Supéranse os trazos irrealis ou fantásticos. A memoria evoluciona significativamente.

- Ámbito motor: prodúcese unha importante evolución dos segmentos corporais tanto en grosos coma en lonxitude. O sistema cardiovascular atópase en pleno desenvolvemento. En torno aos 9 anos van a acadar a madurez nerviosa que trae consigo un importante progreso motriz.

- Ámbito afectivo-social: son sensibles á crítica e autoesixentes. Non toleran as trampas e amósanse altamente xustos. Comezan a cooperar de xeito eficaz. Comezan a adquirir habilidades para o xogo regrado.

**\* CONTEXTUALIZACIÓN**

- Centro: CEIP Plurilingüe Ponte do Porto

- Unidades: 9 (3 en EI e 6 en EP)

- Contorna:

O centro está na localidade de A Ponte do Porto que pertence ao concello de Camariñas, A Coruña.

Camariñas está estreitamente ligada ao mar, tradicional vía de comunicación e medio de subsistencia A economía da poboación susténtase na pesca e no marisqueo, na industria conserveira e a cría de rodaballo, que da traballo a unha gran parte da vila e pobos próximos. O principal uso da terra é de carácter forestal xa que a agricultura e a gandería só teñen funcións complementarias na economía. O turismo adquire cada vez máis importancia, atraído polos espazos naturais, a variedade paisaxística e a tranquilidade da zona.

Aínda que a situación cultural da zona é susceptible de mellora, existen diferentes asociacións culturais como: Monte Branco, Rendas, Vico da Forca, Río Porto, de Empresarios e Promoción Turística; e conta con varios museos como do Alemán, en Camelle, o Etnográfico en A Ponte do Porto, o do Faro e o do Encaixe en Camariñas, e unha biblioteca pública. No que atinxe ás instalacións deportivas, sinalar que contamos con dous polideportivos municipais, un en Camariñas e outro en A Ponte do Porto, este último é utilizado polo noso Centro, xa que está nas inmediacións do recinto escolar.

- Instalacións: ximnasio, polideportivo, patio exterior, zona verde no exterior

- Curso: 3º A e 3º B

- Nº alumnos/as: 25

O alumnado para o cal se elaborou dita programación atópase no terceiro curso da etapa (25 alumnos/as), divididos en dúas aulas. Nas dúas aulas hai alumnado con NEAE, destacando un neno que conta co apoio de coidadora.

- Xornada escolar: continua (09:30 a 14:30)

**2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias**

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, practicando regularmente actividades físicas e deportivas e adoptando comportamentos que potencien a saúde física, mental e social, así como medidas de responsabilidade individual e colectiva durante a práctica motriz para interiorizar e integrar hábitos de actividade física sistemática que contribúan ao benestar.			2-5		2-5		3	
OBX2 - Adaptar os elementos propios do esquema corporal, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e as destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións, para dar resposta ás demandas de proxectos motores e de prácticas motrices con distintas finalidades en contextos da vida diaria.			1	3	4-5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Desenvolver procesos de autorregulación e interacción no marco da práctica motriz, con actitude emprática e inclusiva, facendo uso de habilidades sociais e actitudes de cooperación, respecto, traballo en equipo e deportividade, con independencia das diferenzas etnoculturais, sociais, de xénero e de habilidade dos participantes, para contribuír á convivencia social e ao compromiso ético nos diferentes espazos en que se participa.	1-5				1-3-5	2-3		
OBX4 - Recoñecer e practicar diferentes manifestacións lúdicas, físico-deportivas e artístico-expresivas propias da cultura motriz, valorando a súa influencia e as súas achegas estéticas e creativas á cultura tradicional e contemporánea, para integralas nas situacións motrices que se utilizan regularmente na vida cotiá.		3				3		1-2-3-4
OBX5 - Valorar diferentes medios naturais e urbanos como contextos de práctica motriz, interactuando con eles, comprendendo a importancia da súa conservación desde un enfoque sustentable e adoptando medidas de responsabilidade individual durante a práctica de xogos e actividades físico-deportivas, para realizar unha práctica eficiente e respectuosa coa contorna e participar no seu coidado e mellora.			5			2-4	1-3	

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Hábitos deportistas	<p>Esta UD pretende que o alumnado que se inicia na etapa de Ed. Primaria interiorice os hábitos, valores e actitudes que transmite esta área. Pretendemos que coñeza:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- A vestimenta axeitada para a práctica de actividade física.</li> <li>- Hábitos xerais de hixiene tras a práctica dalgunha actividade física</li> <li>- Uso e coidado do material e dos espazos.</li> <li>- Importancia de seguir as regras marcadas.</li> </ul> <p>Pautas para a prevención de accidentes nas</p>	4	2	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Hábitos deportistas	prácticas motrices: xogos de activación, quecemento, volta a calma, ...	4	2	X		
2	Vivimos +	on esta unidade didáctica tentaremos crear no alumnado hábitos de saúde para unha mellora da calidade de vida, fomentaremos e faremos cumprir a adopción de prácticas hixiénicas, posturais e alimenticias, contribuír ao benestar físico e mental e persuadir aos nenos/as a que pensen nunha conduta sa fóra do ámbito escolar. Todo iso influirá de xeito positivo na autoestima, e nunha mellor calidade de vida.	9	4	X		
3	UBUNTU	Os xogos cooperativos son propostas que buscan diminuír as manifestacións de agresividade nos xogos promovendo actitudes de sensibilización, cooperación, comunicación e solidariedade. Buscan a participación de todos, predominando os obxectivos colectivos sobre as metas individuais. Os nenos/as xogan con outros/as e non contra os outros/as; xogan para superar desafíos ou obstáculos e non para superar os demais. Será necesario o traballo en grupo para conseguir un fin común.	8	5	X		
4	SOMOS	Esquema corporal. Control tónico es postural. Independencia segmentaria	7	5	X		
5	OCUPO	ESPAZO - TEMPO. Moverse no espazo en situacións cooperativas ou de oposición. Anticipar as accións de compañeiros e rivais.	6	5	X		
6	EFICIENTES	Destrezas motrices básicas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas. Creatividade motriz e coordinación nos movementos.	7	5	X		
7	XOGAMOS	Aplicación as conductas motrices eficientes en xogos cooperativos.	7	5		X	
8	SALTA	Introdución ao Parkour.	7	4		X	
9	Cordas	Traballo de saltos con diferentes dinámicas de cordas.	7	4		X	
10	O Circo do Sol	equilibrio está presente en practicamente calquera tarefa dentro da Educación Física. Un bo desenvolvemento desta capacidade física traerá consigo unha maior eficiencia nas execucións (consecución dun obxectivo co mínimo gasto enerxético). Nesta unidade didáctica traballaremos o equilibrio estático, dinámico e con obxectos, realizando tarefas de equilibrios sobre diversos puntos de apoio, mantemento en equilibrio de diferente material coas partes corporais,	7	6		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
10	O Circo do Sol	desprazamentos por superficies de apoio inestables ou reducidas...	7	6		X	
11	Abúrrome?	<p>O traballo das HMB e o xogo é algo que non se pode tratar de xeito illado e independente dentro do contexto educativo da Educación Física. Ambos forman parte dun proceso global de ensino e aprendizaxe.</p> <p>Con esta UD pretendemos seguir traballando as HMB a través de xogos con obxectos, perseguindo dar unha gran variabilidade na experimentación con material de refugallo ou reciclable (latas, xornais, rodas, caixas de cartón, botellas...), novidoso e motivante para o alumnado.</p>	5	5		X	
12	Heroes	Concienciación do grupo da integración/inclusión do alumnado con algunha discapacidade. Para iso realizaremos sesións dirixidas á discapacidade visual e auditiva	8	5			X
13	De cine	A creatividade e recursos expresivos do alumnado son os aspectos máis destacables a ter en conta no desenvolvemento desta unidade didáctica. Partindo da creatividade e motivación dos nenos e nenas desenvolverase a expresión corporal a través do mimo, da representación e do movemento corporal (aeróbic e danzas).	6	5			X
14	Xogamos	Con esta unidade didáctica pretendemos que os alumnos/as coñezan e practiquen danzas e xogos populares, autóctonos e tradicionais como vínculo e parte do patrimonio cultural de Galicia, de forma que as coñezan e contribúan ao seu mantemento.	6	5			X
15	Gozamos!	<p>As actividades físicas no medio natural e urbano posúen un gran potencial educativo, e isto é debido tanto á variedade de habilidades desenvoltas nas actividades propostas como ao medio onde se realizan.</p> <p>A importancia da educación ambiental, a conservación, coñecemento e goce da natureza e práctica de actividades educativas, de ocio ou física no medio natural son, sen dúbida, piares importantes con referencia á formación dunha nova conciencia cidadá con respecto ao medio. "Pouco se pode respectar se non se coñece e non se goza".</p>	6	5			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Hábitos deportistas	2

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñecer os beneficios da actividade física.		
CA1.2 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Aplicar medidas de hixiene despois das sesións de educación física de xeito autónomo.		
CA1.3 - Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as características individuais, superando e rexeitando as condutas discriminatorias que se poidan producir en contextos de práctica motriz.	Recoñecer a propia imaxe corporal.		
CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Amosar unha actitude positiva e participativa nas sesións de E.Física.		
CA1.5 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Desenvolver actitudes de inclusión e cooperación, aplicando estratexias para a resolución pacífica de conflitos.	TI	100
CA2.1 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Aplicar medidas de hixiene despois das sesións de educación física de xeito autónomo.		
CA2.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e mantemento do material e cos espazos e instalacións no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Adoptar unha actitude responsable e segura durante as prácticas da área e facer un uso responsable do material.		
CA4.1 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Amosar unha actitude participativa e xestionar as emocións que xurdan durante as sesións.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Respetar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.	Respetar as normas da clase e regras dos xogos.		
CA4.3 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Desenvolver actitudes de inclusión e cooperación, aplicando estratexias para a resolución pacífica de conflitos.		
CA4.4 - Adquirir unha visión aberta do deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas, achegándose ao deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas; coñecendo o deporte federado e identificando e rexeitando comportamentos contrarios á convivencia, independentemente do contexto no que teñan lugar.	Amosar unha actitude de rexeitamento ante comportamentos contrarios á convivencia		
CA6.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e co mantemento do material no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Adoptar unha actitude responsable e segura durante as prácticas da área e facer un uso responsable do material.		
CA6.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Adquirir un control motriz e dominio corporal axeitado á súa idade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:</li> <li>- Efectos físicos beneficiosos dun estilo de vida activo.</li> <li>- Características dos alimentos naturais, procesados e ultraprocesados.</li> <li>- Hidratación na práctica da actividade física.</li> <li>- Educación postural en accións motrices habituais.</li> <li>- Factores básicos que inciden no coidado do corpo.</li> <li>- Saúde social:</li> <li>- A actividade física como hábito e alternativa saudable fronte a formas de lecer nocivas.</li> <li>- Límites para evitar unha competitividade desmedida.</li> <li>- Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas.</li> <li>- Saúde mental:</li> </ul>

## Contidos

- Efectos psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo.
- Respecto e aceptación do propio corpo.
- Autocoñecemento e identificación de fortalezas e debilidades ou posibilidades e limitacións en todos os ámbitos (social, físico e mental).
- Coidado e preparación do material, das instalacións e dos espazos que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver.
- Consolidación de pautas de hixiene persoal relacionadas coa actividade física.
- Planificación e autorregulación de proxectos motores: mecanismos básicos para executar o planificado.
- Prevención de accidentes nas prácticas motrices: mecanismos de prevención e control corporal para a prevención de lesións.
- Xestión emocional: recoñecemento de emocións propias, pensamentos e sentimentos a partir de experiencias motrices.
- Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades: autoestima.
- Habilidades sociais: escoita activa e estratexias de negociación para a resolución de conflitos en contextos motrices.
- Condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas en situacións motrices (discriminación por cuestións de competencia motriz, etnia, xénero ou outras): estratexias para a súa identificación e efectos negativos que traen consigo.
- Prevención e sensibilización sobre a xeración de residuos, fomentando a construción e a reutilización de materiais para a práctica motriz.

UD	Título da UD	Duración
2	Vivimos +	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñecer os beneficios da actividade física	TI	100
CA1.2 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Aplicar medidas de hixiene de xeito autónomo despois das sesións de E.Física.		
CA1.3 - Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as características individuais, superando e rexeitando as condutas discriminatorias que se poidan producir en contextos de práctica motriz.	Recoñecer a propia imaxe corporal		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Amosar unha actitude positiva e participativa nas sesións de E.Física.		
CA1.5 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Desenvolver actitudes de inclusión e cooperación, aplicando estratexias para a resolución pacífica de conflitos.		
CA2.1 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Aplicar medidas de hixiene despois das sesións de educación física de xeito autónomo.		
CA2.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e mantemento do material e cos espazos e instalacións no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Adoptar unha actitude responsable e segura durante as prácticas da área e facer un uso responsable do material.		
CA4.1 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Amosar unha actitude participativa e xestionar as emocións que xurdan durante as sesións.		
CA4.2 - Respetar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.	Respetar as normas da clase e regras dos xogos.		
CA4.3 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Desenvolver actitudes de inclusión e cooperación, aplicando estratexias para a resolución pacífica de conflitos.		
CA4.4 - Adquirir unha visión aberta do deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas, achegándose ao deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas; coñecendo o deporte federado e identificando e rexeitando comportamentos contrarios á convivencia, independentemente do contexto no que teñan lugar.	Amosar unha actitude de rexeitamento ante comportamentos contrarios á convivencia		
CA6.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñecer os beneficios da actividade física		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e co mantemento do material no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Adoptar unha actitude responsable e segura durante as prácticas da área e facer un uso responsable do material.		
CA6.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Adquirir un control motriz e dominio corporal axeitado á súa idade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:</li> <li>- Efectos físicos beneficiosos dun estilo de vida activo.</li> <li>- Características dos alimentos naturais, procesados e ultraprocesados.</li> <li>- Hidratación na práctica da actividade física.</li> <li>- Educación postural en accións motrices habituais.</li> <li>- Factores básicos que inciden no coidado do corpo.</li> <li>- Saúde social:</li> <li>- A actividade física como hábito e alternativa saudable fronte a formas de lecer nocivas.</li> <li>- Límites para evitar unha competitividade desmedida.</li> <li>- Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas.</li> <li>- Saúde mental:</li> <li>- Efectos psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo.</li> <li>- Respecto e aceptación do propio corpo.</li> <li>- Autoconecemento e identificación de fortalezas e debilidades ou posibilidades e limitacións en todos os ámbitos (social, físico e mental).</li> <li>- Coidado e preparación do material, das instalacións e dos espazos que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver.</li> <li>- Consolidación de pautas de hixiene persoal relacionadas coa actividade física.</li> <li>- Planificación e autorregulación de proxectos motores: mecanismos básicos para executar o planificado.</li> <li>- Prevención de accidentes nas prácticas motrices: mecanismos de prevención e control corporal para a prevención de lesións.</li> <li>- Xestión emocional: recoñecemento de emocións propias, pensamentos e sentimentos a partir de experiencias motrices.</li> <li>- Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades: autoestima.</li> <li>- Habilidades sociais: escoita activa e estratexias de negociación para a resolución de conflitos en contextos</li> </ul>

<b>Contidos</b>
- motrices. - Condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas en situacións motrices (discriminación por cuestións de competencia motriz, etnia, xénero ou outras): estratexias para a súa identificación e efectos negativos que traen consigo. - Prevención e sensibilización sobre a xeración de residuos, fomentando a construción e a reutilización de materiais para a práctica motriz.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	UBUNTU	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Aplicar medidas de hixiene despois das sesións de educación física de xeito autónomo.	TI	100
CA1.3 - Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as características individuais, superando e rexeitando as condutas discriminatorias que se poidan producir en contextos de práctica motriz.	Recoñecer a propia imaxe corporal.		
CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Amosar unha actitude positiva e participativa nas sesións de E.Física.		
CA1.5 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Desenvolver actitudes de inclusión e cooperación, aplicando estratexias para a resolución pacífica de conflitos.		
CA2.1 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Aplicar medidas de hixiene despois das sesións de educación física de xeito autónomo.		
CA2.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e mantemento do material e cos espazos e instalacións no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Adoptar unha actitude responsable e segura durante as prácticas da área e facer un uso responsable do material.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Realizar proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de monitoraxe e seguimento que permitan analizar os resultados obtidos.	Realizar proxectos motores empregando estratexias básicas de monitoraxe.		
CA2.4 - Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición e de colaboración-oposición, en contextos simulados de actuación.	Adoptar decisións motrices lóxicas en contextos siomulados de actuación.		
CA3.1 - Realizar proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de monitoraxe e seguimento que permitan analizar os resultados obtidos.	Realizar proxectos motores empregando estratexias básicas de monitoraxe.		
CA3.2 - Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición, en contextos simulados de actuación.	Adoptar decisións motrices lóxicas en contextos siomulados de actuación.		
CA3.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Adquirir un control motriz e dominio corporal axeitado á súa idade.		
CA4.1 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Amosar unha actitude participativa e xestionar as emocións que xurdan durante as sesións.		
CA4.2 - Respetar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.	Respetar as normas da clase e regras dos xogos.		
CA4.3 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Desenvovler actitudes de inclusión e cooperación, aplicando estratexias para a resolución pacífica de conflitos.		
CA4.4 - Adquirir unha visión aberta do deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas, achegándose ao deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas; coñecendo o deporte federado e identificando e rexeitando comportamentos contrarios á convivencia, independentemente do contexto no que teñan lugar.	Amosar unha actitude de rexeitamento ante comportamentos contrarios á convivencia		
CA5.1 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Adquirir un control motriz e dominio corporal axeitado á súa idade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e co mantemento do material no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Adoptar unha actitude responsable e segura durante as prácticas da área e facer un uso responsable do material.		
CA6.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Adquirir un control motriz e dominio corporal axeitado á súa idade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:</li> <li>- Educación postural en accións motrices habituais.</li> <li>- Factores básicos que inciden no coidado do corpo.</li> <li>- Saúde social:</li> <li>- A actividade física como hábito e alternativa saudable fronte a formas de lecer nocivas.</li> <li>- Límites para evitar unha competitividade desmedida.</li> <li>- Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas.</li> <li>- Saúde mental:</li> <li>- Autocoñecemento e identificación de fortalezas e debilidades ou posibilidades e limitacións en todos os ámbitos (social, físico e mental).</li> <li>- Coidado e preparación do material, das instalacións e dos espazos que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver.</li> <li>- Consolidación de pautas de hixiene persoal relacionadas coa actividade física.</li> <li>- Planificación e autorregulación de proxectos motores: mecanismos básicos para executar o planificado.</li> <li>- Prevención de accidentes nas prácticas motrices: mecanismos de prevención e control corporal para a prevención de lesións.</li> <li>- Toma de decisións:</li> <li>- Distribución racional do esforzo en situacións motrices individuais.</li> <li>- Localización no espazo en situacións cooperativas.</li> <li>- Posicionamento no espazo e recolocación tras cada acción en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil.</li> <li>- Anticipación ás decisións ofensivas do adversario en situacións de oposición de contacto.</li> <li>- Pase a compañeiros desmarcados ou en situación vantaxosa en situacións motrices de colaboración-oposición, de persecución e de interacción cun móbil.</li> <li>- Creatividade motriz: variación e adecuación da acción motriz ante estímulos internos e externos.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xestión emocional: recoñecemento de emocións propias, pensamentos e sentimentos a partir de experiencias motrices.</li> <li>- Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades: autoestima.</li> <li>- Habilidades sociais: escoita activa e estratexias de negociación para a resolución de conflitos en contextos motrices.</li> <li>- Condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas en situacións motrices (discriminación por cuestións de competencia motriz, etnia, xénero ou outras): estratexias para a súa identificación e efectos negativos que traen consigo.</li> <li>- Usos comunicativos da corporalidade: comunicación de sensacións, sentimentos, emocións e ideas simples.</li> <li>- Prevención e sensibilización sobre a xeración de residuos, fomentando a construción e a reutilización de materiais para a práctica motriz.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	SOMOS	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Recoñecer os beneficios da actividade física.	TI	100
CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Amosar unha actitude positiva e participativa nas sesións de E.Física.		
CA1.5 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Desenvolver actitudes de inclusión e cooperación, aplicando estratexias para a resolución pacífica de conflitos.		
CA2.1 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Aplicar medidas de hixiene despois das sesións de educación física de xeito autónomo.		
CA2.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e mantemento do material e cos espazos e instalacións no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Adoptar unha actitude responsable e segura durante as prácticas da área e facer un uso responsable do material.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Realizar proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de monitoraxe e seguimento que permitan analizar os resultados obtidos.	Realizar proxectos motores empregando estratexias básicas de monitoraxe		
CA2.4 - Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición e de colaboración-oposición, en contextos simulados de actuación.	Adoptar decisións lóxicas en contextos simulados de actuación.		
CA3.1 - Realizar proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de monitoraxe e seguimento que permitan analizar os resultados obtidos.	Realizar proxectos motores empregando estratexias básicas de monitoraxe		
CA3.2 - Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición, en contextos simulados de actuación.	Adoptar decisións lóxicas en contextos simulados de actuación.		
CA3.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Adquirir un control motriz e dominio corporal axeitado á súa idade.		
CA4.1 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurden en contextos de actividade motriz.	Amosar unha actitude positiva cara a práctica física xestionando as emocións que xurden durante a mesma.		
CA4.2 - Respetar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.	Respetar as normas da clase e as regras dos xogos.		
CA4.3 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Desenvolver actitudes de inclusión e cooperación, aplicando estratexias para a resolución pacífica de conflitos.		
CA4.4 - Adquirir unha visión aberta do deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas, achegándose ao deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas; coñecendo o deporte federado e identificando e rexeitando comportamentos contrarios á convivencia, independentemente do contexto no que teñan lugar.	Amosar unha actitude de rexeitamento ante comportamentos contrarios á convivencia		
CA5.1 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Adquirir un control motriz e dominio corporal axeitado á súa idade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e co mantemento do material no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Adoptar unha actitude responsable e segura durante as prácticas da área e facer un uso responsable do material.		
CA6.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Adquirir un control motriz e dominio corporal axeitado á súa idade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:</li> <li>- Educación postural en accións motrices habituais.</li> <li>- Factores básicos que inciden no coidado do corpo.</li> <li>- Saúde social:</li> <li>- Límites para evitar unha competitividade desmedida.</li> <li>- Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas.</li> <li>- Saúde mental:</li> <li>- Efectos psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo.</li> <li>- Respetto e aceptación do propio corpo.</li> <li>- Autoconecemento e identificación de fortalezas e debilidades ou posibilidades e limitacións en todos os ámbitos (social, físico e mental).</li> <li>- Coidado e preparación do material, das instalacións e dos espazos que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver.</li> <li>- Consolidación de pautas de hixiene persoal relacionadas coa actividade física.</li> <li>- Planificación e autorregulación de proxectos motores: mecanismos básicos para executar o planificado.</li> <li>- Prevención de accidentes nas prácticas motrices: mecanismos de prevención e control corporal para a prevención de lesións.</li> <li>- Toma de decisións:</li> <li>- Distribución racional do esforzo en situacións motrices individuais.</li> <li>- Esquema corporal:</li> <li>- Control tónico-postural e independencia segmentaria en situacións motrices.</li> <li>- Conciencia e control do ritmo respiratorio en diferentes actividades. Conciencia dos diferentes tipos de respiración.</li> <li>- Coordinación dinámica xeral e segmentaria.</li> <li>- Habilidades e destrezas motrices básicas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas.</li> </ul>

Contidos
